

PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR UN POSTO DE TÉCNICO/A DINAMIZADOR/A DE COMUNIDADES ENERXÉTICAS CORRESPONDENTE Á CONVOCATORIA PARA O NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A SEN PRAZA PARA A EXECUCION DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL "OTC: OFICINA DE TRANSFORMACIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (OTC_DEPO)" CON DESTINO AO SERVIZO DE COOPERACIÓN.

**SEGUNDO EXERCICIO – SUPOSTO PRÁCTICO
(Tempo máximo de realización: 1 hora e 30 minutos)**

Publicada no BOE a Orde TED/1021/2022, do 25 de outubro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas a Oficinas de Transformación Comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas (Programa CE Oficinas), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Deputación de Pontevedra desexa presentar unha solicitude de axudas á citada convocatoria.

PREGUNTA 1.- Analice se a Deputación de Pontevedra podería obter a condición de beneficiaria desta axuda (2,5 puntos).

PREGUNTA 2.- Analice os requisitos e obrigacións esenciais que debe cumprir a Deputación de Pontevedra como beneficiaria desta axuda (2,5 puntos).

O día 28 de novembro de 2022 abriuse o prazo de presentación de solicitudes para a Primeira convocatoria do programa de axudas a Oficinas de Transformación Comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas (Programa CE Oficinas) regulado pola Orde TED/1021/2022, do 25 de outubro. Este prazo finalizou ás 12:00 horas do día 23 de xaneiro de 2023. A Deputación de Pontevedra formalizou unha solicitude de axuda, baixo a denominación OTC_DEPO, á citada convocatoria o día 21 de xaneiro de 2023. Previamente, o 10 de xaneiro de 2023, a empresa SOLEADOS, S.L. presenta, a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas, unha factura con destino ao servizo de Cooperación da Deputación de Pontevedra por importe de 2.900 euros (IVE incluído) co concepto de "Servizo de asesoramento xurídico para a creación da Comunidade Enerxética "Carballo 29" no marco da OTC_DEPO".

PREGUNTA 3.- Analice se o importe da factura da empresa SOLEADOS, S.L. é un gasto subvencionable ao amparo de Orde TED/1021/2022. (2,5 puntos).

PREGUNTA 4.- Analice que documentación deberá achegar a Deputación de Pontevedra para formular correctamente a solicitude de axudas ao amparo da Orde TED/1021/2022. (2,5 puntos).